



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura e sociedade do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Literatura e sociedade do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01909			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 4	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Martin Lucas, Maria Belen			
Profesorado	Martin Lucas, Maria Belen			
Correo-e	bmartin@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descripción xeral	Esta materia ocúpase do estudo avanzado das relacións entre as sociedades anglófonas e as formas de representación da súa historia e interpretación na producción literaria no primeiro idioma estranxeiro, tal como se especificará no programa correspondente cada ano académico. Concíbese como continuación da formación crítica e literaria básica que o alumnado recibe nos primeiros cursos, que lle permita acceder á creación de criterios individuais para a súa formación humanística así como para profundar na súa competencia de análise de textos literarios no primeiro idioma estranxeiro.			

Competencias de titulación

Código

A2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descripción das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construir argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudio lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para além da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudio
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
B3	Que as/os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética

- B4 Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
- B5 Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer as principais achegas teóricas sobre os vínculos existentes entre literatura e sociedade, como se representa unha sociedade no universo do literario en canto a concepto, terminoloxía, tipoloxía, aspectos históricos, características principais, metodoloxía(s) de interpretación e calquera outra cuestión especificada no programa correspondente.	A2 B3 A3 A5
Comprender, analizar e comparar textos (literarios, históricos, culturais, políticos, visuais) representativos de tal relación e reflexionar sobre a interacción co contexto histórico, social e cultural en que se inscribe a súa producción e recepción.	A5 B3 A7 A11
Formular razonamentos críticos derivados da análise dos textos inseridos nun contexto social que conduzan á adquisición dun método básico de análise socioliteraria que transcendase a mera aproximación intuitiva aos textos obxecto de estudio.	A8 B3 A9
Localizar, seleccionar, organizar e avaliar información relevante relacionada co concepto social elixido e cos textos a analizar máis profundamente, recorrendo a fontes bibliográficas ou recursos electrónicos.	A4 B3 A6 B5
Relacionar textos literarios e outras expresións culturais e artísticas, como pode ser o cine, a música ou a arte coa realidade sociocultural na que se producen.	A11 B3
Reflexionar e valorar a idea que o alumnado ten sobre outras sociedades e culturas diferentes da occidental e sensibilizalo na apreciación de tal diversidade sociolóxica.	A11 B3 B4

Contidos

Tema	
1.Global(ized) Societies: An Introduction	1.1 Globalization 1.2 Cultural Industries 1.3 Literature and Globalization
2. Global economies	2.1 Neoliberalism 2.2 Technology, hubs, and networks
3. The glocal and the national	3.1 The local, the global and the nation 3.2 Global cities 3.3 Environmentalism
4. Global flows: labour and culture	4.1 Migration and diaspora 4.2 Citizenship and cosmopolitanism 4.3 Cybercultures
5. Trans-national and Trans-sexual: sexuality and gender in the global age	5.1 Transnational feminisms 5.2 Queering the globe
6. The Global War on Terror	6.1 Globalized stereotypes 6.2 Post 9/11 representations of terror
N.B. Ao inicio do cuadriestre estará disponible en Faitic o listado de lecturas obligatorias e películas incluídas como material do curso.	O material de lectura obligatoria estará disponible en Faitic e mais na Fotocopiadora da Facultade.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	3	0	3
Sesión maxistral	8	16	24
Seminarios	4	0	4
Traballos de aula	19	26	45
Titoría en grupo	2	0	2
Presentacións/exposicións	8	12	20
Estudos/actividades previos	0	22	22
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	12	12
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	14	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descripción
Actividades introductorias Actividades encamiñadas a presentar a materia e organizar a dinámica da docencia e actividades co alumnado na primeira semana de clases.

Sesión maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia por parte da profesora.
Seminarios	Actividades de formación dirixidas pola profesora que inciden máis pormenorizadamente nalgún aspecto concreto das unidades temáticas ou as complementan.
Traballos de aula	Discusión oral dos textos literarios e/ou fílmicos por parte do alumnado baixo a supervisión da profesora. O alumnado deberá aplicar ao comentario crítico os contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais e mais nos seminarios así como os coñecementos que vai adquirindo nas lecturas previas.
Titoría en grupo	As titorías grupais son de carácter obligatorio, terán lugar en horario de clase (nas sesións que se indiquen) e estarán dedicadas, entre outras actividades, á organización das tarefas de aprendizaxe, distribución de traballos, revisión de conceptos, resolución de dúbidas, explicación de cuestións de carácter metodolóxico e á supervisión da elaboración dos traballos.
Presentacións/exposicións	Presentación oral por parte do alumnado de traballos elaborados grupalmente sobre aspectos recollidos no programa que se determinarán previamente baixo a supervisión da profesora.
Estudos/actividades previos	O alumnado deberá ler os textos obligatorios, tanto teóricos/críticos coma os diversos textos literarios, con antelación ás clases nos que se comentarán. O calendario de comentario dos textos obligatorios estará publicado en faitec antes do comezo das clases. O alumnado debe consultar este calendario e ter realizada a lectura do material.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos de aula	O alumnado debe consultar en titorías coa profesora para fixar o tema sobre os que preparará o seu traballo de exposición oral na aula. A profesora guiará o alumnado na elaboración deste traballo e outras tarefas de clase en titorías individuais e grupais, e revisará co alumnado o seu progreso. Tamén é conveniente a consulta en titorías para a preparación dos exames no caso de faltas de asistencia ou de non superación da avaliación continua.
Titoría en grupo	O alumnado debe consultar en titorías coa profesora para fixar o tema sobre os que preparará o seu traballo de exposición oral na aula. A profesora guiará o alumnado na elaboración deste traballo e outras tarefas de clase en titorías individuais e grupais, e revisará co alumnado o seu progreso. Tamén é conveniente a consulta en titorías para a preparación dos exames no caso de faltas de asistencia ou de non superación da avaliación continua.
Presentacións/exposicións	O alumnado debe consultar en titorías coa profesora para fixar o tema sobre os que preparará o seu traballo de exposición oral na aula. A profesora guiará o alumnado na elaboración deste traballo e outras tarefas de clase en titorías individuais e grupais, e revisará co alumnado o seu progreso. Tamén é conveniente a consulta en titorías para a preparación dos exames no caso de faltas de asistencia ou de non superación da avaliación continua.

Probas	Descripción
Probas de resposta longa, de desenvolvimento	
Resolución de problemas e/ou exercicios	

Avaliación

	Descripción	Cualificación
Presentacións/exposicións	Presentación oral por parte do alumnado de traballos elaborados grupalmente sobre aspectos teóricos do programa que se determinarán baixo a supervisión da profesora. Cada persoa será avaliada pola súa contribución individual, e avaliaranse tanto as competencias referidas ao coñecemento da cuestión analizada como as relacionadas coa construcción de argumentos e a súa expresión oral correcta. Deberá utilizarse como apoio software de diapositivas para presentacións, e avaliarase a correcta expresión escrita nestes textos, que deben entregarse á profesora na mesma data da presentación a través da plataforma virtual Tema.	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	Participación activa nas clases e exercicios de comentario de texto que poden ser escritos ou orais. Para a avaliação deste aspecto consideraranse tanto as competencias relacionadas cos contidos teóricos coma as relacionadas coa construcción de argumentos sólidos e a súa correcta expresión oral e/ou escrita. Terase en conta tamén a pertinencia dos comentarios en relación aos contidos da materia.	20

Probas de resposta longa, de desenvolvimento	Realizaranse dous exames baseados nos contidos da materia, que combinarán preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos. Avaliarase en cada exame tanto a adquisición de competencias relacionadas cos contidos teóricos coma as relacionadas coa construcción de argumentos sólidos e a súa correcta expresión escrita. Celebraranse dentro do calendario de docencia, na hora e aula correspondentes á materia.	60
--	--	----

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na primeira edición de actas a avaliación será continua. A condición para ser avaliada/o será a asistencia a un mínimo do 80% das aulas. Igualmente, é obrigatorio expoñer e entregar no prazo establecido os traballos incluídos na avaliación. Os traballos non realizados ou entregados fóra de prazo contarán coma un 0. Do mesmo xeito, os traballos que non cumpran os requisitos mínimos de corrección lingüística (tanto en forma oral coma na escrita) e conteñan errores gramaticais graves contarán coma un 0.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo suporá un 0 nese traballo. Alegar desconecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade.

Se algunha alumna/o non pode acollerse á avaliación continua por motivos xustificados, deberá comunicarollo á profesora argumentadamente **ao comezo do cuadrimestre**. Nese caso, **será avaliada/o exclusivamente mediante os exames fixados para a asignatura, cada un deles computará un 50% da cualificación final**. A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posible, o cal se recomenda encarecidamente. Igualmente, o alumnado que escolla esta opción será responsable de manter un contacto continuado coa materia a través de Faitic e de presentarse aos exames nas datas establecidas, que se anunciarán en Faitic ao inicio do cuadrimestre.

O primeiro exame terá lugar na semana 8 do cuadrimestre. O segundo exame terá lugar na semana 15 do cuadrimestre.

Na segunda edición das actas (xullo) a avaliación levarase a cabo mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. A competencia lingüística e a correcta exposición argumentativa tamén serán avaliadas. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas e titorías con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe.

Bibliografía. Fontes de información

- Liam Connell e Nicky Marsh, eds., **Literature and Globalization. A Reader**, Routledge,
- Manfred B.Steger, **Globalisation: A very brief introduction**, Oxford UP,
- Manfred B.Steger, **Globalization: The Greatest Hits, a Global Studies Reader**, Paradigm,
- Manfred B.Steger e Rabi K. Roy, **Neoliberalism: A very brief introduction**, Oxford UP,
- Kwame Anthony Appiah, **Cosmopolitanism: Ethics in a World of Strangers**, Penguin,
- Suman Gupta, **Globalization and Literature**, Polity Press,
- Kit Dobson, **Comparative Literature in an Age of Globalization**, Johns Hopkins University Press,
- Kit Dobson, **Transnational Canadas: Anglo-Canadian Literature & Globalization**, Wilfrid Laurier University Press,
- David Held e Garrett Wallace Brown, eds., **The Cosmopolitanism Reader**, Polity Press,
- Steven Vertovec e Robin Cohen, **Conceiving Cosmopolitanism: Theory, Context and Practice**, Oxford UP,
- Ulrike M Vieten, **Gender and Cosmopolitanism in Europe: A Feminist Perspective**, Ashgate,
- Eamon Maher, ed., **Cultural perspectives on globalisation and Ireland**, Peter Lang,
- Diana Brydon e Marta Dvorak, eds., **Crosstalk: Canadian & Global Imaginaries in Dialogue**, Wilfrid Laurier University Press,
- Chantal Cornut-Gentille ; co-editors, Elena Oliete, Olga Seco e Ana Matamala, eds., **Culture & power : culture and society in the age of globalisation**, Prensas Universitarias de Zaragoza,
- Helen Scott, **Caribbean women writers and globalization : fictions of independence**, Ashgate,
- Arjun Appadurai, ed., **Globalization**, Duke UP,
- Stephen Castles, **Ethnicity and globalization : from migrant worker to transnational citizen**, SAGE,
- Michael Valdez Moses, **The Novel and the globalization of culture**, Oxford UP,
- John Storey, **Inventing popular culture : from folklore to globalization**, Blackwell,
- Yasmeen Abu-Laban e Christina Gabriel, **Selling diversity : immigration, multiculturalism, employment equity, and globalization**, Broadview Press,
- Mike Featherstone, **Undoing culture : globalization, postmodernism and identity**, SAGE,
- Saskia Sassen, **Losing control? : sovereignty in an age of globalization**, Columbia University Press,
- Belén Martín Lucas e Ana Bringas López, eds., **Global Neo-Imperialism and national resistance : approaches from postcolonial studies**, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V01G180V01991

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Movementos culturais e literarios do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01910

Traballo de Fin de Grao/V01G180V01991

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Ámbitos literarios III do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01602

Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01903

Literatura e identidade de xénero do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01904
